



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O DÍA
VINTESEIS DE XANEIRO DE DOUS MIL DOCE**

NÚM. 001/2012

<p><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p><u>ALCALDE-PRESIDENTE</u> D. Javier Jorge Castiñeira.</p> <p><u>CONCELLEIROS</u> D. Manuel Pavón López. D^a Mercedes Josefina González Alonso. D^a María Teresa López Rego. D. Pedro José Fernández Manín. D. José María García Rivera. D. José Ramón Val Alonso. D^a Rosa María Pérez Gradaille. D. Enrique Cotarelo García. D. Jaime Cancio Rodríguez. D^a Ana María López Campoamor. D^a María Ángeles Veiga Varela. D. Xan Carlos González Basanta.</p> <p><u>INTERVENTOR</u> D. Luis Ramón Vázquez Parga.</p> <p><u>SECRETARIA- en réxime de acumulación</u> D^a Ana Ramos Ramos.</p>	<p>No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Foz, sendo as 20:30 horas do vinteseis de xaneiro de dous mil doce, baixo a presidencia de D. Javier Jorge Castiñeira, e asistido pola secretaria da Corporación en réxime de acumulación, D^a Ana Ramos Ramos, que da fe do acto, e o interventor municipal D. Luis Ramón Vázquez Parga, se reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos do Pleno, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.</p>
--	--

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 29 DE DECEMBRO DE 2011 E DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE DATA 29 DE DECEMBRO DE 2011.-

Pola Presidencia se pregunta aos membros presentes do Pleno se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día 29/12/11, e que foi oportunamente distribuída coa convocatoria, e á acta da sesión extraordinaria celebrada o día 29/12/11, e que foi tamén distribuída coa convocatoria.

O Sr. Rivera indica en relación ao Pleno extraordinario celebrado o día 29 de decembro de 2011 que nadie o expulsou do Pleno, foise él. Ao que o Sr. Alcalde contradí indicando que foi expulsado pola Presidencia.

O Sr. Cancio indica que en relación ao segundo punto do Pleno extraordinario o artigo 100 do ROF estima que se debe de computar como abstención a ausencia dos concelleiros unha vez iniciada a deliberación dun punto da orde do día.

Non habendo mais intervencións, queda aprobada a acta da citada sesión, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas, segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

2.- RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DITADAS DENDE O DÍA 26/12/2011 AO 23/01/2012.

Aos efectos previstos no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, se da conta ao Pleno da Corporación das Resolucións ditadas



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

pola Alcaldía-Presidencia dende o día 26/12/11 ao 23/01/12 e que foron postas de manifesto á Secretaria, quedando enterados os señores asistentes.

3.- RECTIFICACIÓN ANUAL INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS A 31 DE DECEMBRO DE 2011.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o día 20 de xaneiro de 2012, que no seu literal indica:

“Vistas as modificacións realizadas no Inventario Municipal de Bens durante o ano 2.011.

En cumprimento do disposto no artigo 86 do Real Decreto Lexislativo 78171986, de 18 de abril, presentadas as alteracións producidas e realizadas as rectificacións oportunas.

Unha vez rematado o turno de debate pola Alcaldía-Presidencia sométese a votación o asunto do epígrafe, co seguinte resultado, e conforme ao literal que se transcribe:

*Votos a favor: 5 (3PP, 2 PSdeG-PSOE)
Abstencións: 3 (2 UNIFOZ, 1 BNG)*

PRIMEIRO.- Aprobar a rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos pertencentes a este Municipio, referidos ao ano 2011 nos termos que figuran no expediente.

SEGUNDO.- Remitir copia íntegra do mesmo á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.

ANEXO I. RECTIFICACION INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS A DATA DECEMBRO 2011

Valoración de bens e dereitos do Concello de Foz a 31 de Decembro de 2011, que ascende á cantidade de 16.651.249,69 euros.

ALTAS HABIDAS NO ANO 2011

1.- BENS INMOBLES

- Terreos en Rúa Torques do Castro-Marzán	13.800,00 €
- Terreos en Vilachá-Cangas	12.000,00 €
- Terreos en Rúa Alvaro Cunqueiro	183.000,00 €
- Terreos en Rúa Trapero Pardo	115.200,00 €.
TOTAL BENS INMOBLES	324.000,00 €.
VALORACION ULTIMA RECTIFICACION A 31-12-10	16.327.249,67 €
VALORACION RECTIFICACION A 31-12-11	324.000,00 €.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

TOTAL VALORACION A 31-12-11

16.651.249,69 €.”

Aberto o turno de debate polo Sr. Alcalde, transcríbense en síntese as intervencións que tiveron lugar:

Abre o debate o Sr. Alcalde resumindo o contido da proposta.

Por parte do Sr. Rivera indícase en síntese que quere facer unha cuestión de orde porque na orde do día non figura unha moción do partido socialista sobre o IBI que presentouse na Comisión informativa e votouse de xeito independente á do BNG sobre un asunto equivalente e polo tanto tiña que estar incluída como un punto na orde do día esta moción do PSOE sobre a suba do IBI e non o hai, e ao respecto indica que se é un erro que se solucione.

Por parte do voceiro de UNIFOZ, preguntase se a a valoración dos inmobles se fixo por parte dos Técnicos municipais, ao que o Sr. Alcalde indica que as valoracións xa figuran na escritura pública de cesión.

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (5 PP, 4 PSOE 3 UNIFOZ)
- Abstencións: 1 BNG
- Votos en contra: ningún.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar a rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos pertencentes a este Municipio, referidos ao ano 2011 nos termos que figuran no expediente.

SEGUNDO.- Remitir copia íntegra do mesmo á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.

ANEXO I. RECTIFICACION INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS A DATA DECEMBRO 2011

Valoración de bens e dereitos do Concello de Foz a 31 de Decembro de 2011, que ascende á cantidade de 16.651.249,69 euros.

ALTAS HABIDAS NO ANO 2011

1.- BENS INMOBLES

- Terreos en Rúa Torques do Castro-Marzán	13.800,00 €
- Terreos en Vilachá-Cangas	12.000,00 €
- Terreos en Rúa Alvaro Cunqueiro	183.000,00 €
- Terreos en Rúa Trapero Pardo	115.200,00 €.
TOTAL BENS INMOBLES	324.000,00 €.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

VALORACION ULTIMA RECTIFICACION A 31-12-10	16.327.249,67 €
VALORACION RECTIFICACION A 31-12-11	324.000,00 €.
TOTAL VALORACION A 31-12-11	16.651.249,69 €.”

4.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA CONSEGUIR SOLUCIÓNS ÓS PROBLEMAS AGROGANDEIROS DA PROVINCIA DE LUGO E DO CONCELLO DE FOZ.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o día 20 de xaneiro de 2012, que no seu literal indica:

“Segundo un estudo realizado pola Organización de Productos Lácteos a produción de leite en Galicia atravesa o peor momento de toda a súa historia recente. A débeda das 11.000 explotacións, que continúan en activo, sobrepasa xa os 600 millóns de euros, e ameaza con obrigar ó peche a un bo número de granxas que se atopan ó borde da quebra pois non dispoñen dos recursos suficientes para facer fronte os seus gastos fixos. A débeda media das granxas galegas rolda os 60.000 euros e se sitúa como unha das máis altas do Estado Español.

Ante esta situación, a Deputación Provincial de Lugo cree na necesidade de que as Administracións Públicas deben traballar e común, a través de políticas activas e de dinamización, para sacar adiante iniciativas innovadoras e atrevidas que revitalicen o sector.

De ahí a idea de crear un centro de Recría Pública que dará servizo a granxas de toda a provincial de Lugo, na que actualmente están censadas 16.700 explotacións, o 35,4% das que hai en Galicia, máis de 20 no noso Concello. O Centro de Recría dota ás explotacións gandeiras dun maior rango genético, produtivo e sanitario co fin de mellorar a súa viabilidade e garantir a súa continuidade nun momento tan preocupante para o sector.

Este centro, que xa está en obra avanzada na súa primeira fase, cun coste de 6.000.000 de euros, permitirá triplicar a capacidade de recría que actualmente existe en Galicia. Ademais converterase nun escenario de investigación, sendo especialmente innovador no seu modelo de xestión ambiental de residuos, xa que estamos diante dun centro autosuficiente, capaz de xestionar o 100% dos residuos. Servirá de exemplo para a instauración dos parámetros da Unión Europea nas restantes explotacións gandeiras de Galicia a nivel sanitario e do benestar animal.

A Deputación de Lugo segue sen resposta da Administración Autonómica a pesares das sete solicitudes de xuntanza co Presidente da Xunta de Galicia, o Sr. Feijoo, con respecto ó Centro de Recría de gando da Granxa “Gayoso Castro”, o primeiro centro público de Galicia. Mentras, o Conselleiro de Medio Rural, Sr. Juárez, paséase por centros de recría da provincia privados cos que sí teñen importante colaboración. Dende o respecto á colaboración público-privada non se entende o rechazo da Administración Autonómica á iniciativa pública.

Así mesmo é preocupante, para o sector gandeiro lucense galego, o desmantelamento do programa de mellora genética da cabana frisona que estaba a desenvolver a Unidade de Transferencia Embrionaria de Bos (A Coruña). É outro exemplo da mal entendida austeridade do goberno autonómico. O recorte de 375.000 euros tradúcese na redución da abundante oferta de embrións que quedan en mans privadas, e que ata agora xeraba o programa de Bos (A Coruña), á que tiñan acceso tódalas gandeirías proporcionando xenética de alta calidade a prezos asequibles para os gandeiros.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE de Foz somete á consideración do Pleno da Corporación a adopción do seguinte

Unha vez rematado o turno de debate pola Alcaldía-Presidencia sométese a votación o asunto do epígrafe, co seguinte resultado, e conforme ao literal que se transcribe:



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Votos a favor: 5 (2 PSdeG-PSOE, 2 UNIFOZ, 1 BNG)

Votos en contra: ningún

Abstencións: 3 PP

-A colaboración da Consellería do Medio Rural para dotar ó Centro de Recría da Granxa "Gayoso Castro" dun programa de mellora xenética que garanta a alta calidade xenética dos embrións e prezos asequibles dos gandeiros.

Aberto o turno de debate polo Sr. Alcalde, transcríbense en síntese as intervencións que tiveron lugar:

Por parte do Sr. Val do PSOE resúmese o contido da moción

Por parte do voceiro de UNIFOZ, indícase en síntese que a colaboración entre Administracións públicas é sempre positiva anque non se coñecen as repercusións do centro de Gayoso nas explotacións do concello de Foz, porque non se coñecen os datos, por eso o seu voto vai ser positivo

Por parte do grupo municipal BNG, indícase que en síntese está totalmente de acordo porque se está falando de un negocio de 8.000.000 de euros que o que implicará será crear postos de traballo, dinamizará as zoas rurais deprimidas e é unha idea que pensa nun sector estratéxico para o noso país como é o agrogandeiro, e di que o PP é insensible aos intereses galegos e favorece intereses sobre todo privados de ahí a súa posición favorable coa moción.

O Sr. Alcalde toma a palabra para indicar en síntese que o sentido do voto do seu partido vai ser negativo xa que a Deputación de Lugo actuou de forma independente e soberana cando quixo facer un centro de recría na granxa de Gayoso e agora quere o apoio da Xunta de Galicia, cando este centro sepárase do modelo de recría da Xunta. É falso que a Xunta esté a desmantelar o centro de Bos. É un programa autonómico pactado co sector gandeiro e non é momento de que a granxa Gayoso o faga cando está funcionando correctamente. Iniciouse un proxecto e agora non hai maneira nin cartos para terminalos, e por eso se pide colaboración, peo afirma que cando se inicie un proxecto ten que rematarse e despois xa se verán os resultados.

O Sr. Val toma a palabra en segundo turno de intervencións e afirma que non lle extraña a postura do PP neste senso, porque fai o mesmo con todos os proxectos da Deputación de Lugo. Indica que aquí búscase só colaboración pero a Deputación ten recursos suficientes para levar adiante este centro e anque lle gustaría un apoio unánime de toda a corporación non lle extraña a postura do PP neste proxecto innovador para un sector estratéxico.

O Sr. Cancio afirma que non lle extraña a postura do equipo de goberno que está máis a defender a postura da Xunta de Galicia que os intereses do noso concello, en concreto co sector agrogandeiro

O Sr. Basanta indica que é independente de quen veña a iniciativa se é boa cando se está a favorecer ao sector agrogandeiro e se se aforran cartos ao sector e eses oito millóns de euros se están a aforrar que en vez de ir a empresas privadas poden ir aos gandeiros se debe de apoiar, e só porque o faga a Deputación non é bo e se se fixera pola Xunta sí que sería bo. Eso non se entende. Asimesmo, cando dí que non se desmantelou o centro de Bos, non é así porque se vé que hai unha clara intención de desmantelar isto, estará funcionando pero cómo está funcionando.

O Sr. Alcalde afirma finalmente que o programa que está agora operativo está funcionando e a Deputación pretende facer un programa diferente pola súa conta e agora pide a axuda de outras administracións igual que fai cos xeriátricos que fai a Deputación e logo quere que a



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Xunta os xestione. É por ese motivo polo que se vai votar en contra, non por partidismo senón que é porque esa non é forma de facer as cousas,

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (4 PSOE, 3 UNIFOZ, 1 BNG)
- Abstencións: ningunha
- Votos en contra: 5 PP

Resultando aprobado o seguinte acordo:

-A colaboración da Consellería do Medio Rural para dotar ó Centro de Recría da Granxa “Gayoso Castro” dun programa de mellora xenética que garanta a alta calidade xenética dos embrións e prezos asequebles dos gandeiros.

5.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO CONTRA A SUPRESIÓN DAS GARDAS DE FARMACIA.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o día 20 de xaneiro de 2012, que no seu literal indica:

“Cos únicos votos do Partido Popular, o Parlamento galego aprobou a Lei de Acompañamento dos Orzamentos da Xunta de Galiza para 2012 cunha modificación da Lei de Ordenación Farmacéutica que permite eliminar as gardas nocturnas das oficinas de farmacia en determinadas circunstancias; entre outras, cando non existe un Punto de Atención Continuada (PAC) no concello ao que dá servizo a Farmacia.

O BNG votou en contra desta medida de recorte sanitario ao considerar que as Farmacias dan un servizo complementario das prestacións dos centros sanitarios. Non se limitan a dispensar unha prescrición médica porque ademais informan e aconsellan á persoa que adquire a medicación. Unha función especialmente importante cando non se pode acceder a un servizo médico. A garda nocturna de farmacia nun concello onde non hai PAC pode solucionar unha urxencia menor ou aconsellar unha derivación adecuada, evitando a demanda de recursos especializados cando non son necesarios ou a automedicación.

Os únicos argumentos do Goberno galego para este recorte sanitario son económicos e teñen que ver con garantir un nivel de beneficios que baixou coa posta en marcha de medidas de redución do gasto farmacéutico. De xeito que, con este medida para paliar o recorte do gasto farmacéutico no que atinxe ás farmacias, aféctase ao servizo que se lle presta á poboación.

As circunstancias que limitan este servizo como é o caso de concellos onde non existe un PAC, afecta directamente á poboación rural. Poboación que ten máis dificultades para acceder aos servizos, tanto pola súa composición demográfica como pola dispersión e a falta de boas comunicacións.

A realidade da posta en marcha desta medida constata que unha vez máis o Goberno galego do PP non asume a obriga de garantir á poboación galega uns dereitos, neste caso sanitarios, iguais e independentemente do lugar de residencia.

Así estase a producir a eliminación de gardas nocturnas de farmacia en numerosos concellos galegos nada máis entrar en vigor a modificación o 1 de xaneiro de 2012.

Este peche, alén de supoñer un trato inxusto e desigual para as persoas que residen nos concellos afectados, provocará un maior acceso a servizos de urxencias para atender problemas que se resolvían nas farmacias que agora pechan. Non supón por tanto nin mellor atención ás persoas afectadas nin tampouco un aforro para as arcas públicas, só unha cesión aos empresarios das oficinas de farmacia a cambio de nada.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Unha vez rematado o turno de debate pola Alcaldía-Presidencia sométese a votación o asunto do epígrafe, co seguinte resultado, e conforme ao literal que se transcribe:

Votos a favor: 3 (2 PSdeG-PSOE, 1 BNG)

Votos en contra: ningún

Abstencións: 5 (3PP, 2 UNIFOZ)

1. Instar á Xunta de Galiza a que utilice as súas competencias para que na reorganización que se realice das gardas nocturnas das Oficinas de Farmacia se garanta o servizo en todos os concellos galegos.

2. Comunicar este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza e ás portavocías dos grupos parlamentares do Parlamento galego”.

Aberto o turno de debate polo Sr. Alcalde, transcríbense en síntese as intervencións que tiveron lugar:

Abre o debate o Sr. Basanta resumindo o contido da moción.

Por parte do Sr. Rivera indícase en síntese que non lle sorprenden as eliminacións que está a facer o PP. É tremendo e estase a dismantelar a comarca e nadie dí nada, agora son as farmacias e logo serán os hospitales e aquí nadie se move e así se fai un fraco favor porque a farmacia fai máis labor que dar una medicina. Os farmacéuticos non queren que se elimine por eso vai a apoiar a moción por responsabilidade.

Por parte do voceiro de UNIFOZ, indícase en síntese que este é un recorte sanitario máis que implicará que unha persoa en fin de semana que necesite un medicamento non o poida conseguir en Foz e teña que ir a Burela. Quitar a garda da farmacia implica que algún empregado vai perder o seu posto de traballo porque se non compensa ter aberta a farmacia quitarase a garda, porque o decidirá a farmacia segundo o seu volumen de negocio. É un recorte en toda regra ao que Foz xa está acostumado, igual que reducir as gardas dos médicos en fin de semana e que non se cubran as baixas, son todos eles recortes.

O Sr. Alcalde toma a palabra para indicar en síntese que vai votar a favor porque cree que os turnos de noite son necesarios pero entende as situacións extraordinarias das farmacias que están cubrindo turnos de noite con unha mínima demanda. Son empresas e elas teñen que decidir. A labor informativa e sanitaria das farmacias non se pode confundir co intrusismo que se fai cos médicos, nos turnos de noite dando medicamentos sen prescripción médica anque sexa en casos de gravidade. As farmacias das cercanías ao PAC estarán abertas. Estase anticipando a que en Foz vanse cerrar as farmacias porque é voluntario para as farmacias, pero o grupo de goberno pensa que a obrigatoriedade de abrir deberíase de manter

O Sr. Basanta toma a palabra en segundo turno de intervencións e afirma que felicita porque salga para adiante esta moción co voto a favor de todos os grupos. Estase facendo unha discriminación entre concellos con PAC e os que non o teñen como Foz, que inxustamente non o ten. As farmacias son empresas pero fan un servizo público e teñen beneficios anque hai retrasos nos pagos das receitas.

O Sr Rivera afirma que se vai de noite a unha farmacia vaise con receta médica pero lle preocupa que diga que non é rentable, porque o contrario sería que a poboación estivera sá. Agora a medida está tomada, agora digamos o que digamos xa chegamos tarde, agora é quedar ben. A medida deberíase de consensuar antes de tomar a decisión. Indica que o PP da un panorama desolador e o acordado é lamentable.

O Sr. Cancio indica en síntese que a boa noticia para os veciños e que se vote a favor, e indica que as farmacias son empresas pero son un servizo público e reitera que se trata de un recorte para os nosos veciños.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

O Sr. Alcalde afirma finalmente que se alguén necesita o coche para ir ao PAC de Burela é o mesmo no caso da farmacia xa que estarán abertas as 24 horas as cercanas ao PAC, pero entende que é conveniente que o servizo esté aberto en gardas nocturnas.

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 13 (5 PP, 4 PSOE, 3 UNIFOZ e 1 BNG)
- Abstencións: ningunha
- Votos en contra: ningún

Resultando aprobado o seguinte acordo por unanimidade dos membros presentes:

1. Instar á Xunta de Galiza a que utilice as súas competencias para que na reorganización que se realice das gardas nocturnas das Oficinas de Farmacia se garanta o servizo en todos os concellos galegos.

2. Comunicar este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza e ás portavocías dos grupos parlamentares do Parlamento galego

6.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO CONTRA A SUBA DO IMPOSTO DE BENS INMÓBEIS (IBI) DECIDIDA POLO GOBERNO DO ESTADO.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o día 20 de xaneiro de 2012, que no seu literal indica:

“O Goberno Central vén de aprobar o Real Decreto-Lei 20/2011, de medidas urxentes en materia orzamentaria, que inclúe o incremento do Imposto de Bens Inmóbeis de Natureza Urbana (IBI).

Neste RDL, o Goberno Central do PP impón unha suba dos tipos de gravame do IBI, que non poderá ser inferior a 0,50 no 2012 e a 0,60 no 2013. E varía entre o 10%, 6% e 4%, en función da antigüidade da revisión catastral -antes de 2002 (10%), entre 2002 e 2004 (6%), e entre 2008 e 2011 (4%). Este incremento vai afectar gravemente aos concellos galegos, xa que son máis do 70% os concellos de Galiza que fixeron a súa última valoración catastral antes de 2002. En todos estes concellos, o incremento será do 10% do imposto e afectará á totalidade dos inmóbeis de uso residencial. Ademais haberá máis de 100 concellos nos que a suba suporá nos recibos do IBI un incremento do 50% en dous anos, xa que están aplicando o tipo mínimo fixado pola lei, e agora obrígaselles desde o Goberno Central a que o tipo non sexa inferior a 0,50 en 2012 e 0,60 en 2013.

A medida do goberno do PP no Estado vén botar por terra as previsións que adoptaron os concellos antes do 1 de xaneiro, en canto á actualización de taxas e impostos, que se fixeron tendo en conta a situación económica municipal e dos seus habitantes, que agora veñen a sufrir este ano e o próximo unha nova e forte suba de impostos, acumulándose o incremento aprobado polo Goberno Central aos incrementos aprobados por moitos concellos para 2012.

Isto supón indubidabelmente un ataque frontal á autonomía local, por ser os concellos os que teñen a posibilidade de fixar os tipos impositivos do IBI, véndose abocados a un incremento que vai repercutir gravemente na economía das familias e constituíndo unha medida do PP desde o goberno do Estado que despreza a competencia municipal de poder utilizar os seus mecanismos tributarios para xerar os ingresos necesarios para o correcto equilibrio das súas finanzas.

A medida adoptada polo goberno do Estado resulta, ademais de invasora das competencias locais, inoportuna e escapista das súas responsabilidades, porque escapa á necesidade dunha



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

reforma urxente do financiamento local para incrementar a contía de participación nos ingresos do Estado (PIE) por parte dos concellos galegos, integrándoa plenamente nos orzamentos da Xunta de Galiza e aplicando criterios de reparto que teña en conta o maior custe dos servizos en Galiza, derivado da dispersión poboacional e do envellecemento dos habitantes do noso país.

Pero, tamén, fronte a esta medida tan inxusta do Goberno Central, xunto co incremento da PIE e o recoñecemento de criterios específicos para Galiza, existe a alternativa de aumentar a capacidade financeira dos concellos coa cesión de novos tributos, dotar de maior eficacia á loita contra a fraude fiscal e por preservar que os concellos poidan decidir sobre os seus propios instrumentos tributarios para equilibrar os seus orzamentos, coa debida corresponsabilidade fiscal.

Diante desta grave medida que obriga a un incremento impositivo que prexudicará á cidadanía, cun grave impacto nas economías domésticas e que invade as competencias municipais, correspóndelle ao Goberno galego actuar para preservar a autonomía dos concellos galegos, e non optar polo silencio cómplice diante da inxusta imposición do Goberno Central.

O Sr. Val expón que o PSdeG-PSOE tiña unha moción neste sentido, que adxunta para poder debatila no pleno, propoñendo que ambas mocións se debatan en conxunta aínda que despois se voten por separado.

"MOCION DO PS DE G-PSOE DE FOZ, SOBRE SUBIDA DO IBI

O Goberno do Partido Popular, impón os Concellos unha suba que en algúns casos pode cegar o 10% dependendo da antigüidade das revisións catastrais nos Concellos, estamos a referir a suba aprobada para os gravame do IBI. (Contribución urbana e Rústica).

O PS De G-PSOE de Foz rexeita esta subida polos motivos seguintes:

- 1) E unha inxustiza para a Cidadanía ter que pagar esta suba debido a que supón unha carga importante para as familias e nuns momentos de crises moi acentuada.*
- 2) Esta feita dunha maneira improvisada e incorrecta e sen debate parlamentario e con unha presa excesiva.*
- 3) Deixa quedar mal os Concellos con previsións feitas de ingresos e gastos para o ano 2012.*
- 4) Esconde o PP a medida que tiña que tomar de maneira solidaria para os Concellos, como e a maior financiación para os Municipios dentro do reparto Territorial, promesa feita polo PP e que como podemos comprobar vena a substituir por unha medida arbitraria de fondo calado".*

Unha vez rematado o turno de debate pola Alcaldía-Presidencia sométese a votación o asunto do epígrafe, co seguinte resultado, e conforme ao literal que se transcribe:

Moción do BNG:

Votos a favor: 5 (2 PSdeG-PSOE, 2 UNIFOZ, 1 BNG)

Votos en contra: ningún

Abstencións: 3 PP

1. Manifestar o rexeitamento ao incremento do tipo de gravame do IBI que figura no RDL 20/2011 por se tratar dunha medida absolutamente inxusta que invade as competencias dos concellos e obriga a unha política impositiva onerosa para as economías da cidadanía.

2. Instar ao Goberno Central á retirada do incremento do IBI fixado polo RDL 20/2011.

3. Solicitar do Presidente da Xunta de Galiza a:



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

a. Instar do Goberno do Estado á retirada do incremento do IBI fixado no RDL 20/2011.

b. Instar do Goberno do Estado a proceder a unha reforma urxente do financiamento local, de tal xeito que se incremente a contía de participación nos ingresos do Estado por parte dos concellos e dita participación se integre plenamente nos orzamentos da Xunta de Galiza. Tendo en conta nos criterios de reparto o maior custe dos servizos no noso país, derivado da dispersión poboacional e do envellecemento da mesma.

c. Impulsar un Plan de Financiamento Local coa cesión de novos tributos e capacidade normativa sobre os mesmos, así como medidas para a mellora efectiva da loita contra a fraude fiscal.

4. Dar traslado deste acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e portavocías dos grupos parlamentares do Parlamento galego

Moción do PSdeG-PSOE:

Votos a favor: 5 (2 PSdeG-PSOE, 2 UNIFOZ, 1 BNG)

Votos en contra: ningún

Abstencións: 3 PP

-Solicitar do Goberno do Estado a retirada da suba de este imposto aprobada no Real Decreto Lei, 20/2011.

-Dar conta o Goberno do Estado, Xunta e Portavoces dos Grupos da Xunta.

Aberto o turno de debate polo Sr. Alcalde, transcríbense en síntese as intervencións que tiveron lugar:

Discútese inicialmente o indicado polo Sr. Rivera na cuestión de orde manifestada ao inicio da sesión en relación a tratar como unha moción independente a presentada polo PSOE, cando na Comisión informativa se fixo un debate conxunto e votouse independente, e así se decide considerar na presente sesión do pleno.

Abre o debate o Sr. Basanta resumindo o contido da moción do BNG.

Por parte do Sr. Rivera indícase que esta é unha das subas do PP dende que está no goberno e a califica como a suba de máis calado da historia. O concello de Foz propuso poñer o tramo do IBI nunha cantidade asumible e non a volveu tocar porque estaba alto pero agora coa xustificación do reequilibrio territorial de reparto da riqueza do país, pois suben o IBI e os cidadáns van a asumir unha suba importante será de 30 euros nun recibo de 300 euros. Sen embargo o estado entrega máis de 13 millóns de euros á Igrexa cada mes por medio dun decreto do Estado e as familias soportan a suba do IBI; esta situación é unha vergoña e reprochable.

Por parte do voceiro de UNIFOZ, indícase en síntese que anque sexa papel mollado vai votar a favor porque todas as medidas do goberno trasladan o déficit do estado ao déficit das familias, igualmente que cando se vexa a suba do IRPF nas nóminas non é outra cousa que rebaixar os salarios asfixiando as familias.

O Sr. Alcalde toma a palabra para indicar en síntese que vai votar o grupo de goberno en contra porque as súas intervencións demostran que se descoñece o que está pasando. Hai datos horribles de casi 5.400.000 de parados e débedas enormes e o que toma este goberno son decisións para solucionar este grave problema. Os concellos non teñen actualizados os datos do catastro e subindo os tipos o que se facilita e a falta de liquidez dos concellos e é



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

unha suba importante para as entidades locais. Apoia aos concellos ampliando de cinco a dez anos o prazo para devolver as liquidacións negativas do 2008 e 2009 e eso é unha medida fundamental para as administracións locais. Este goberno actual cree nas entidades locais e cree que teñen que ser autofinanciáveis sobre todo as entidades que non teñen actualizadas as ponencias de valores. Esta é unha situación de crise e obriga a adoptar medidas excepcionais igual que noutros países.

O Sr. Basanta toma a palabra en segundo turno de intervencións e afirma que a situación de crise non xustifica todo e non se fixo nada para que as desigualdades desaparezan. Ésta é unha medida sobre un imposto indirecto e o que se debería de facer é que pague máis quen máis gañe como as grandes empresas. En Galicia os servizos costan máis pola característica deste país. Hai economistas que din que estas medidas non valen para nada e en todo caso non se deben de facer medidas antisociais e non se resolve o problema do paro nin é solución e insiste en que se dixó que non se ia a pagar o IBI e o IRPF.

O Sr Rivera afirma en síntese que esto xa se sabía. Indica que o seu grupo cando estaba no goberno non revisou o catastro anque llo propuxeron as empresas e o xerente, outros sí que o fixeron como Burela e non se pode cargar sempre as familias que o están pasando mal. Zapatero deulle cartos aos concellos a través do Plan E e a Xunta non fixo nada. Esta é unha política nefasta e non é a forma de arranxar esta situación. Os bancos gañaron un 5 % o ano pasado e non se fai nada sobre isto. Como última cuestión indica que o Estado non ten competencias sobre este imposto.

O Sr. Cancio indica en síntese que é curioso ver o discurso do PP no Estado e no concello de Foz, e agora din que o problema é a crise pero non dixeron que estas medidas se ian tomar e son desacertadas, non producen crecemento e agrava a situación das familias.

O Sr. Alcalde afirma finalmente que se alguén mentiu foi o goberno de Zapatero e os valores non son os que se coñecían cando gobernaba o partido socialista de ahí estas medidas. O BNG que goberna en Ribadeo subiu o IBI este ano e tomou esta decisión porque entende que o concello necesita liquidez, e imaxina que o BNG de Foz pensará igual que o de Ribadeo. O PSOE non ten criterio agora para falar e estas medidas agora son necesarias, sobre todo en concellos que non fixeron os deberes. Esta é unha medida pedida pola FEMP a través de unha enmenda, como medida de axuda aos concellos. Aquí máis en concreto estase a pagar aínda facturas da lexislatura anterior. Os cidadáns saben ao que se exponen. O Sr. Alcalde fai a primeira chamada ao orde do Sr. Rivera porque interrompe a intervención do Alcalde no turno de palabra

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:

Moción do BNG:

Votos a favor: 8 (4 PSdeG-PSOE, 3 UNIFOZ, 1 BNG)
Votos en contra: 5 PP
Abstencións: ningunha

1. Manifestar o rexeitamento ao incremento do tipo de gravame do IBI que figura no RDL 20/2011 por se tratar dunha medida absolutamente inxusta que invade as competencias dos concellos e obriga a unha política impositiva onerosa para as economías da cidadanía.

2. Instar ao Goberno Central á retirada do incremento do IBI fixado polo RDL 20/2011.

3. Solicitar do Presidente da Xunta de Galiza a:

a. Instar do Goberno do Estado á retirada do incremento do IBI fixado no RDL 20/2011.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

b. Instar do Goberno do Estado a proceder a unha reforma urxente do financiamento local, de tal xeito que se incremente a contía de participación nos ingresos do Estado por parte dos concellos e dita participación se integre plenamente nos orzamentos da Xunta de Galiza. Tendo en conta nos criterios de reparto o maior custe dos servizos no noso país, derivado da dispersión poboacional e do envellecemento da mesma.

c. Impulsar un Plan de Financiamento Local coa cesión de novos tributos e capacidade normativa sobre os mesmos, así como medidas para a mellora efectiva da loita contra a fraude fiscal.

4. Dar traslado deste acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e portavocías dos grupos parlamentares do Parlamento galego

Moción do PSdeG-PSOE:

Votos a favor: 8 (4 PSdeG-PSOE, 3 UNIFOZ, 1 BNG)

Votos en contra: 5 PP

Abstencións: ningunha

-Solicitar do Goberno do Estado a retirada da suba de este imposto aprobada no Real Decreto Lei, 20/2011.

-Dar conta o Goberno do Estado, Xunta e Portavoces dos Grupos da Xunta.

7.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL UNIFOZ RELATIVA Á SITUACIÓN SOCIAL DAS FAMILIAS CON DIFICULTADES DO NOSO CONCELLO.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o día 20 de xaneiro de 2012, que no seu literal indica:

“Que o desemprego xunto con outros factores está provocando unha difícil situación nas familias do noso pobo e de forma moi especial a aquelas familias máis desfavorecidas.

As estatísticas falan por si solas, o 71% dos fogares galegos chegan a final de mes con dificultade e o 60% con moita dificultade.

No último ano, aumentou considerablemente o número de persoas que necesitan axuda por estar en risco de exclusión social.

O goberno do estado tomou medidas de contido económico que dificultan aínda máis a situación para estas familias en especial a moratoria de aplicación de lei de dependencia.

A xunta de Galicia, recortou as axudas aos concellos no último ano nun 70%, no que respecta a axuda no fogar.

Por todo o exposto .É polo que

Presentamos a seguinte proposta de MOCIÓN a Corporación Municipal :

Debate político de estudio da situación social das familias con dificultades do noso Concello.

Elaboración de propostas políticas coa finalidade de dar resposta a situación social das familias con dificultades.”

Unha vez rematado o turno de debate pola Alcaldía-Presidencia sométese a votación o asunto do epígrafe, co seguinte resultado, e conforme ao literal que se transcribe:

Votos a favor: 4 (2 PSdeG-PSOE, 2 UNIFOZ)

Votos en contra: ningún

Abstencións: 4(3PP, 1 BNG)



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

-Debate político de estudio da situación social das familias con dificultades do noso Concello.

-Elaboración de propostas políticas coa finalidade de dar resposta a situación social das familias con dificultades.

Aberto o turno de debate polo Sr. Alcalde, transcríbense en síntese as intervencións que tiveron lugar:

Abre o debate o Sr. Cancio resumindo o contido da proposta.

Por parte do Sr. Rivera indícase en síntese que este goberno ten record de despropósitos en menos de un ano. A familia non ten problema mentras algún membro traballe pero aquí a situación é de baixada do censo, de aumento dos parados, o plan de emprego que se trouxo ao anterior pleno tampouco prosperou, se fan bases nas que se pide carnet de trailer cando non hai trailer no parque móvil. Esta moción pretende ver a situación e incorporar recetas para que o noso municipio salga desta situación. Hai que poñer encima da mesa a situación e poñer en práctica recetas para salir desta situación. Séguese cargando ás familias e non aos que máis teñen. Hai que debatir as medidas e logo ver o que pasa

Por parte do grupo municipal BNG, indícase que na Comisión informativa non se entendía o sentido da moción pero agora se está concretando máis en síntese que as propostas poden ser as que se queira pero cada vez son máis as desigualdades. Cada vez costa máis chegar a fin de mes e hai xente que está rozando o umbral da pobreza nun país desenvolvimdo, e sería convinte facer un estudo da situación real. Débense de adoptar medidas máis redistributivas, que os que teñen máis problemas que reciban máis axudas, que nos orzamentos se contemplen axudas de exclusión social xa que no 2010 houbo só unha familia que recibiu esta axuda. A lei de inserción social estase saltando á toreira e se a xente non se lle axuda cada vez vai a estar peor. Cartos hai pero están mal redistribuídos.

O Sr. Alcalde toma a palabra para indicar en síntese que pensa igual pero pide que se concreten as mocións, que sexan máis claras cunha exposición correcta e unha petición clara e concisa. É partidario de que se faga ese debate e as Comisións informativas poden ser o lugar de facelo ou outros foros onde se incluan a representantes dos distintos entes sociais, e previamente facer un informe da situación das familias en situación de precariedade. Dase lectura a datos estadísticos ofrecidos polos servizos sociais sobre a situación dos distintos programas do servizo. Estase disposto a facer debate político en xunta de portavoces ou comisión informativa ou outros foros.

O Sr. Cancio toma a palabra en segundo turno de intervencións e afirma que é difícil traer mocións a este pleno dende que goberna o PP. Afirma que o sitio de debatir é o Pleno e quere que esta corporación elabore propostas. Hai ordenanza de emerxencia social que non funciona porque de 4000 euros dispoñibles só se concederon 80 e di que se debe de dar publicidade a esta ordenanza. Pide unha suba 20.000,00 para axudas as familias necesitadas que se reduza da partida de festas. Igualmente da axuda escolar para ensino post obrigatorio ademais das becas que axude aos fillos a estudar. Priorizar a contratación de familias onde todos os membros estean parados. Potenciar o banco de alimentos entre outras medidas.

O Sr Rivera afirma que neste tema hai que andar con coidado porque ás familias non lles gusta vir a pedir e débese de salvagardar o anonimato. O informe ao que se fai referencia polo alcalde é o de tódolos anos pero hai datos que non se coñecen e sobre estas situacións é sobre as que hai que actuar. Hai que destinar recursos a onde se necesiten.

O Sr. Alcalde afirma finalmente que admite comparacions nos gastos en festas pero o Sr. Cancio cando trouxo a Baute a un concerto a Foz gastou 40.000 euros e agora se dí que se gasta moito nas festas, cando ese concerto organizouno él. Pero en concreto sobre o fondo da cuestión, está conforme con que se cree unha comisión incluso participando outros entes e plantéxense propostas dentro das competencias do pleno. Propón que esta moción quede enriba da mesa e que se forme unha comisión informativa ou unha xunta de portavoces e se



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

traiga unha moción conxunta con propostas de todos os grupos sobre competencias do Pleno, xa que moitas plantexadas son rogos.

O Sr. Rivera indica como cuestión de orden que si se pretende que quede enriba da mesa que se vote.

O Sr. Cancio por alusións indica que está disposto a deixar encima da mesa a moción se hai un compromiso de traelo ao pleno seguinte e non se deixe no caixón.

O Sr. Alcalde indica que hai unha obsesión de actuar sobre as competencias de alcaldía e que o concelleiro Cancio sabía que se trata de competencias de alcaldía e afirma que a Xunta de portavoces ou a comisión informativa elaboren unha proposta que poida ir ao pleno.

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación de deixar a moción encima da mesa e levala a unha xunta de portavoces ou unha comisión informativa e reelaborar unha moción conxunta que se leve ao próximo pleno, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (5 PP, 4 PSOE, 3 UNIFOZ e 1 BNG)
- Abstencións: ningunha
- Votos en contra: ningún

Resultando aprobado por unanimidade dos presentes o seguinte acordo:

Deixar a moción encima da mesa e levala a unha xunta de portavoces ou unha comisión informativa e reelaborar unha moción conxunta que se leve ao próximo pleno

8.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL UNIFOZ RELATIVA A INSTALACIÓN DE PANEIS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA, TANTO NA A-6 COMO NA A-8, COA FINALIDADE DE QUE ESTA COMARCA CONTA COA SINALIZACIÓN OPORTUNA.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o día 20 de xaneiro de 2012, que no seu literal indica:

*“Que a Comarca da Mariña é un dos potenciais máis importantes que ten a provincia de Lugo, como o demostra o número de visitas que ano tras ano se achegan a mesma para coñecer as nosas praias, monumentos, e gastronomía.
Que a pesares das diferentes solicitudes de organismos públicos e privados esta Comarca ten unha deficitaria ou nula sinalización nas principais vías de comunicación como son a A6 que nos une co resto de España e A8 que nos une con Europa .É polo que*

Unha vez rematado o turno de debate, pola Alcaldía-Presidencia sométese a votación o asunto do epígrafe, co seguinte resultado, e conforme ao literal que se transcribe:

*Votos a favor: 8 (3 PP, 2 PSdeG-PSOE, 2 UNIFOZ, 1 BNG)
Votos en contra: ningún
Abstencións: ningunha*

-Solicitar do Ministerio de Fomento a instalación de paneis de información turística tanto na A6 como na A8, coa finalidade de que esta Comarca conta coa sinalización oportuna, e así mesmo dese traslado deste acordo a Mancomunidade de Municipios da Mariña e tamén a Deputación Provincial para que tramiten o acordo de apoio a esta proposta.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Aberto o turno de debate polo Sr. Alcalde, transcríbense en síntese as intervencións que tiveron lugar:

Abre o debate o Sr. Cancio resumindo o contido da proposta.

Por parte do Sr. Rivera indícase en síntese que se fixeron xestións importantes no seu día co Ministerio de Fomento e na A8 Foz está sinalado pero as zoas turísticas está prohibido poñelas.

Por parte do grupo municipal BNG, indícase que en síntese que está conforme.

O Sr. Alcalde toma a palabra para indicar en síntese que está conforme e que a Deputación Provincial tamén colabore promocionando as praias de Foz.

O Sr. Rivera toma a palabra en segundo turno de intervencións e afirma que

O Sr Cancio afirma que o que ten Foz na A8 é unha sinal de dirección pero non turística como a que ten Mondoñedo e hai que facer o tramite de solicitar ese tipo de carteis.

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 13 (5 PP, 4 PSOE, 3 UNIFOZ e 1 BNG)
- Abstencións: ningunha
- Votos en contra: ningún

Resultando aprobado o seguinte acordo por unanimidade:

-Solicitar do Ministerio de Fomento a instalación de paneis de información turística tanto na A6 como na A8, coa finalidade de que esta Comarca conta coa sinalización oportuna, e así mesmo dese traslado deste acordo a Mancomunidade de Municipios da Mariña e tamén a Deputación Provincial para que tramiten o acordo de apoio a esta proposta.

O Alcalde pregunta se algún grupo quere presentar algúnha moción de urxencia.

BNG PRESENTA UNHA MOCIÓN DE URXENCIA DO SEGUINTE TEOR LITERAL:

“A Lei de Servizos Sociais de Galiza establece proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e possibilíten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral. Así, a ampliación e mellora das escolas infantís de 0 a 3 anos, como recurso educativo e de prestación de servizos ás familias galegas, contribúe ao desenvolvemento integral dos nenos e das nenas e a fomentar a corresponsabilidade e conciliación da vida laboral e familiar.

A construción dunha rede pública galega de centros de educación infantil de 0 a 3 anos, de calidade e en cooperación cos concellos, foi unha peza fundamental para o logro deste obxectivo, e con esta finalidade creouse no anterior goberno da Xunta de Galiza o Consorcio Galego da Igualdade e o Benestar, que consolidou e ampliou a rede de escolas infantís públicas.

Cando o goberno do PP tomou posesión había 85 Galescolas ou escolas infantís en funcionamento, dispoñendo de 3.942 prazas. Ademais había outras rematadas ou a piques de ser rematadas e unha boa cantidade delas coa tramitación iniciada ou licitadas. O goberno do



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

PP retrasou a posta en funcionamento de moitas delas e incumpriu moitos protocolos e acordos estabelecidos con numerosos concellos para a construción de escolas infantís.

Agora o goberno do PP inicia a privatización pola vía de urxencia deste servizo público nas novas escolas infantís que abrirán proximamente e incrementa escandalosamente os prezos públicos a pagar polas familias usuarias das mesmas, sen ter en conta a delicada situación de moitas familias que agrava a actual crise económica, os recortes sociais e a política impositiva do PP.

Exemplo desta privatización que leva a cabo o PP é a que sofre a escola infantil de Monteporreiro, no concello de Pontevedra, e a anunciada licitación da xestión privada das escolas de Betanzos e Carballo.

Coa privatización desmantélase un servizo público para favorecer que determinadas empresas fagan negocio co ensino, afecta á necesaria corresponsabilidade entre homes e mulleres e tamén á conciliación da vida laboral e familiar, reducindo a calidade educativa nas escolas infantís e empeorando as condicións de traballo e o acceso en igualdade de condicións do persoal laboral que presta servizos nas mesmas.

Ademais, o goberno do PP aprobou o pasado día 19 de xaneiro un incremento pola atención educativa que pasa de 110 euros a 160 euros, que supón un incremento de case o 50% e un incremento do 112% do servizo de comedor, que pasa a máis do dobre, de 33 euros a 70 euros. O fan aplicando os incrementos no IPC que se produciron desde 2002. Inicialmente esta medida non ía afectar a familias con rendas inferiores aos 1.500 euros, mais agora o reducen até os 1.200 euros. Trátase dunha política do goberno do PP que repercute aínda máis o custe da crise económica nas maiorías sociais, nas mulleres e nas familias monoparentais.

Por riba, un servizo básico como é o comedor soporta a maior suba, a pesar de que todas as familias que levan aos seus fillos e fillas coincidindo cunha xornada laboral sempre precisarán deste servizo para poder conciliar a súa vida familiar e laboral.

Por outra parte, o goberno do PP eliminou o orzamento de 2,5 millóns de euros destinado aos concellos para o mantemento das escolas infantís municipais, o que obrigará a que os concellos teñan que aplicar estes incrementos ou outros superiores.

O PP degrada un servizo público fundamental para as familias e as persoas con fillos ou fillas, para favorecer o lucro privado e impedindo o servizo da escola infantil a moitas familias que o necesitan, contribuíndo a agravar a situación económica das persoas e das familias neste momento de crise.

Por todo o exposto é polo que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a

- 1. Paralizar os procesos de privatización da escola infantil.*
- 2. Que calquera revisión dos prezos públicos da escola infantil non supere o IPC do ano 2011 e que se teña en conta a capacidade económica das familias ou das persoas que precisan este servizo."*

Por unanimidade dos membros presentes acordase ratificar a urxencia da moción e entrar no fondo da mesma logo de que o Sr. Basanta xustifique a mesma.

Aberto o turno de debate polo Sr. Alcalde, transcríbense en síntese as intervencións que tiveron lugar:

Abre o debate o Sr. Basanta resumindo o contido da moción.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Por parte do Sr. Rivera indícase en síntese que a Xunta cando toma medidas debe de pensar cómo as fai xa que esta medida é un fraude xa que non se pode privatizar porque hai intereses públicos e a obra é pública por eso hai que defendelo e non se pode entregar para privatizar despois. A suba do IPC está de acordo e unha vez máis están afectando ás clases medias polo que non están de acordo con esta medida xa que vai traer moitos problemas e hai que mirar os documentos que hai coa Xunta para ver os requisitos de xestión de forma privada.

Por parte do voceiro de UNIFOZ, indícase en síntese que vai a votar a favor porque en Foz hai dúas garderías e nunha págase máis que na outra e nunha o concello non paga nada e na outra sí. A galiña azul costa o dobre porque pagan os usuarios a cota e pagamos todos cos impostos. No punto 2 da moción fala que calquera revisión dos prezos públicos non supere o IPC e é unha proposta importante e coherente.

O Sr. Alcalde toma a palabra para indicar en síntese que hai un complexo xeral polos grupos da oposición coa xestión privada, cando por exemplo a Deputación ten cantidade de empresas privadas facendo servizos públicos, e o importante é que esten ben xestionadas e fagan ben o servizo. Sacando a concesión os servizos públicos gástase menos, pero xestionanse xeriátricos con xestión privada, etc.

O Sr. Basanta toma a palabra en segundo turno de intervencións e afirma que non ten nada en contra da empresa privada, sobre todo cas empresas pequenas ou medianas ás que hai que apoiar, pero os servizos públicos deben de ser xestionados de forma pública, e sobre todo facendo pola administración as obras e as instalacións e logo entregandoas a empresa privada; a calidade do público e do privado é diferente porque a diferenza son os beneficios.

O Sr Rivera afirma que nadie ten nada en contra da empresa privada pero sí coas empresas que veñen a xestionar servizos que teñen todo montado. Este é un servizo público e privatizalo no ten sentido

O Sr. Cancio non entra no primeiro punto pero a xestión privada só funciona ante a incapacidade da xestión pública, e polo tanto apoia a moción sobre todo polo punto segundo.

O Sr. Alcalde afirma finalmente que o Sr. Rivera cando fala das empresas privadas é increíble cando parécelle que ten unha empresa privada ou máis de unha e cando él gobernaba había empresas privadas en alumeado público, dependencia, limpeza de colexios, piscina, escolas deportivas e non se pode facer demagogia, hasta as multas de tráfico xestionanse aquí por unha empresa privada. O PSOE tiña privatizados moitos servizos públicos e hai que ter os servizos que se poidan pagar porque senón se está a acumular débeda e que unha empresa financie un servizo público.

O Sr. Rivera solicita a palabra por alusións indicando que primeiro privatizaron todo o PP, auga, alumeado público e anque está de acordo con privatizar este caso é distinto porque se trata de un tema da Xunta de Galicia que sí que ten recursos e o concello non os ten.

Unha vez rematado o turno de debate a continuación procédese á votación do asunto obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (4 PSOE, 3 UNIFOZ 1 BNG)
- Abstencións: 5 PP
- Votos en contra: ningún

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galiza a

1. Paralizar os procesos de privatización da escola infantil.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

2. Que calquera revisión dos prezos públicos da escola infantil non supere o IPC do ano 2011 e que se teña en conta a capacidade económica das familias ou das persoas que precisan este servizo

O Sr. Cancio toma a palabra para pedir conforme ao establecido no artigo 105 do Real Decreto 2568/1986 a comparecencia do Sr. Alcalde xustificando a retirada da orde do día dun punto do pleno extraordinario anterior.

A Sra. Secretaria solicita ao Sr. Alcalde intervir para indicar que a comparecencia solicitada non é procedente conforme ao precepto indicado xa que está previsto para os concelleiros que ostentan delegacións, non para Alcaldía-Presidencia que é o que se solicita polo voceiro de UNIFOZ.

ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS DO PSOE

-Despois da reunión do consello escolar do CEIP de Foz nº 1, Dona Rosa María Pérez Gradaille en calidade de representante en dito consello, traslada rogo co fin de que se articulen as medidas necesarias e se poñan a disposición tódolos medios dispoñibles, coa finalidade de solventar as mencionadas carencias nas instalacións do CEIP de Foz nº 1 o antes posible, en concreto a polilla das portas que teñen astillas, estado das persianas con deficiencias...

-Hai problemas na calefacción do asilo que se solicita se arranxen e se lle de o que se debe ao asilo cando na campaña cacareaba decindo que o PSOE non pagaba o que debía ao asilo.

O Sr. Alcalde chama ao orde ao Sr. Rivera por referirse ao Alcalde coa expresión "cacareando".

-Que non se vaian dúas persoas a FITUR dada a situación de crise.

ROGOS DE UNIFOZ

-Correxir o cheiro da depuradora.

-Pedir reunión coa nova Conselleira de Sanidade.

O Sr. Alcalde indica que xa se solicitou.

-Reorganización dos contenedores da calle Illa Nova-Rego de Foz para limpar a imaxe e permitir o paso que agora está imposibilitado

ROGOS BNG

-Reparar bache diante do Xoyma que xa falamos no anterior pleno.

-Regular o alumado público da rúa corporacións.

O Sr. Alcalde indícase que os alumados regularízase por reloxo

-Retirar ferros de punta da base dunha papeleira do paseo da Rapadoira e recoller as papeleras antes dos fins de semana.

Indícase polo Sr. Alcalde que xa está retirado

PREGUNTAS DO PSOE

-A qué se debe a retirada de árbores na zoa de Illanova e rellenar a zoa de cemento.



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P27019001
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

O Sr. Alcalde indica en síntese que esa zoa estaba abandonada e os veciños felicitaron por coidar esta zoa.

-Está arranxada a rúa do calvario?.

O Sr. Manín do PP indica que está xestionado pero non feito.

-Por qué non se toman as medidas adecuadas para a limpeza nas zoas máis conflictivas como o paseo da Rapadoira poñendo un retén de recollida de limpeza os domingos para recoller o gordo, especialmente na festa do berberecho.

O Sr. Alcalde indica que os barrendeiros teñen as mesmas directrices que cando eles gobernaban e que o persoal sorprendeuse coas declaracións feitas polo Sr. Rivera.

-PREGUNTAS DE UNIFOZ

- Pregunta do último pleno en relación ás partidas da Xunta para o superporto.

O Alcalde indica que hai 70.000,00 euros para facer un estudo de impacto da contención submarina que se preveía, estanse xa contratando para destinar a Portos de Galicia.

-Trámites respecto do PXOM

O Sr. Alcalde indica que o PXOM está en aprobación inicial e non está en vigor e recentemente houbo reunión co equipo redactor para retomalo pero fai falla adaptarse as normas vixentes e para eso se require unha cantidade adicional. Houbo asimesmo unha reunión coa dirección xeral de urbanismo solicitando financiación.

-Cáles son as partidas do orzamento da Xunta para o concello de Foz.

O Sr. Alcalde indica que hai unha partida específica para o dragado de 250.000 euros e hai ademais outras partidas como para o xeriátrico, arranxo de aceras, entre outras e o grupo de goberno está en contacto coa Xunta de Galicia para facer as inversións que se queira.

-Estanse a controlar as pistas por onde se saca Madeira?.

O Sr. Manín do PP indica que a policía local foi hoxe a revisar esas pistas. Hai convenio coa asociación de madeiros pero hai pistas difíciles de controlar pero hai un control nesas pistas.

PREGUNTAS DO BNG

-Cánto custou o informe técnico da residencia.

O Alcalde indica que non o sabe pero cree que vai nos custos do proxecto.

-A tramitación do estudo de detalle que foi ao anterior Pleno, pregunta á Secretaria pola legalidade da notificación.

O Alcalde solicita a intervención da Sra. Secretaria que indica que a tramitación fíxose conforme a lei do solo e non conforme ao Regulamento estatal de planeamento do ano 1978 que concreta e completa o procedemento, pero que se trataría de un defecto de tramitación que non determinaría automaticamente a nulidade do expediente

E non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 23 horas 35 minutos do día vinteseis de xaneiro de 2012, do que como secretaria dou fe e certifico.-

Vº e Pr.

O Alcalde-Presidente,

Asdo.-Javier Jorge Castiñeira.